

Queridas familias,

Esperamos que esteades ben e que levedes o mellor posible este confinamento. Estamos convencidos de que os nenos e nenas están pasando esta situación como auténticos/as heroes e heroínas e incluso que nos dan unha lección de superación aos adultos.

O servizo de atención temperá non deixou a súa actividade, evidentemente tivemos que adaptarnos. As sesións individuais coas familias realízanse a través de videochamada cun gran éxito xa que das peores situacións se intenta aproveitar os aspectos positivos como o traballo na casa, cos xoguetes e materiais propios, a participación da familia....

As actividades grupais de estimulación foron as máis afectadas pero tamén encontramos unha solución alternativa. Fixemos un blog no que recompilamos as actividades realizadas desde que comezou o servizo e no que imos subindo actividades novas que podedes seguir. A dirección para entrar no blog é a seguinte: <https://atenciontemperaabegondocarralbergondo.blogspot.com/>

Neste blog recóllese unha iniciativa para a que necesitamos a VOSA PARTICIPACIÓN. Estamos buscando o logotipo que será a imaxe do noso servizo.

¡¡¡¡¡ ENTRA NO BLOG E PARTICIPA!!!!!! Tódalas propostas serán publicadas e aquela que mellor represente o servizo de atención temperá utilizarase para o blog, fichas das actividades e outros documentos.

Aproveitamos para poñer á vosa disposición os profesionais (psicólogo e psicopedagogo, logopeda e unha terapeuta ocupacional que se encarga da parte de estimulación temperá) do servizo de atención temperá para as familias con nenos e nenas de 0 a 6 anos.

Para o cal podedes poñervos en contacto con nós a través do correo electrónico do servizo: serviciosociales@carral.es ou chamando ao 981 61 35 20.

Un cordial saúdo e vémonos prontiño.

Apertiñas